



PREGUNTA ORAL SOBRE AS MEDIDAS ADOPTADAS PARA REUTILIZAR AS CABINAS TELEFÓNICAS PARA NOVOS USOS GRATUÍTOS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vólvese anunciar, e agora si parece o anuncio definitivo, que a maioría das cabinas telefónicas van desaparecer, como consecuencia da intención da Administración do Estado de deixar sen efecto a obriga de mantelas por parte de Telefónica de cara ao ano 2019.

Hai xa dous anos e medio, en abril de 2016, o Grupo popular presentou unha iniciativa que pretendía adiantarse aos claros indicios que apuntaban á extinción deste servizo, ante o avance dos teléfonos móbiles que reduciron á mínima expresión o uso dos terminais públicos.

Aínda que o Goberno estatal veu demorando a decisión con sucesivas prórrogas, as evidencias no descenso do uso, os informes das Comisión Europea e da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e as pautas adoptadas por outros países europeos, fan inevitable a medida e xa se ten elaborado un texto normativo que superou o trámite de audiencia e información pública e que está previsto aprobar en cuestión de días.

Á vista do tempo transcorrido desde aquel acordo plenario unánime para actuar, co “estudo, deseño e posta en marcha de medidas para a implantación novos servizos para as telecomunicacións de uso gratuíto (rede wifi, cargadores de dispositivos móbiles, chamadas de emerxencias ou difusión de contidos multimedia) que aproveiten o emprazamento e a infraestrutura das cabinas telefónicas públicas en desuso dentro do termo municipal de Santiago de Compostela”, o Grupo Popular presenta a seguinte pregunta:

Que accións concretas ten desenvolvido nos dous últimos anos o Goberno local –e en que datas- para avanzar na consecución do acordo plenario unánime de abril de 2016 que permita aproveitar o potencial das cabinas telefónicas que se prevean retirar nos vindeiros meses no noso termo municipal?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2018


Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela